

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 11 de outubro de 2024 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2022/23, convocados pola Orde do 12 de marzo de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 60, do 25 de marzo).

A Orde do 12 de marzo de 2024 (DOG núm. 60, do 25 de marzo) pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2022/23, establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo xurado de selección á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional), quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións provisionais obtidas polas persoas candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección e a proposta da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2022/23 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por delegación de competencia establecida na Orde do 5 de xuño de 2024 (DOG núm. 114, do 13 de xuño), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no



prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2024

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 5 de xuño de 2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: oimshfg9-dzg1-qim8-zm73-tffryc55d03





ANEXO

Premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2022/23

Nº inscrición	Apelidos e nome	Familia profesional	Cód. centro	Centro educativo	Importe
2422000269	Villasenín Martínez, Daniel	Actividades físicas e deportivas	15005749	CIFP Universidade Laboral	1.000 €
2478000016	Bastero Morquillas, Borja	Administración e xestión	36011521	CPR Vivas	1.000 €
2474000222	Fernández Lastra, Daniel	Agraria	27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	1.000 €
2444000054	Sánchez López, Estefanía	Artes gráficas	15021469	CIFP Leixa	1.000 €
2469000158	Soto Salinas, Nikol	Comercio e márketing	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	1.000 €
2458000205	Fraga Felípez, Jorge	Edificación e obra civil	15024513	CIFP Someso	1.000 €
2467000026	Mourelle Lorenzo, Antonio	Electricidade e electrónica	15005749	CIFP Universidade Laboral	1.000 €
2458000276	Castro Vecino, Martín	Enerxía e auga	15005749	CIFP Universidade Laboral	1.000 €
2459000355	Suárez Conde, Javier	Fabricación mecánica	15006754	CIFP Ferrolterra	1.000 €
2474000147	Conde Nóvoa, Yasmina	Hostalaría e turismo	32016285	CIFP de Vilamarín	1.000 €
2492000292	Souto de Celis, Daniel	Imaxe e son	36024461	CIFP Audiovisual de Vigo	1.000 €
2424000031	Negreira Rey, Celsa	Imaxe persoal	15032522	CPR Reyblanc	1.000 €
2446000176	Abelaira Fernández, Adrián	Industrias alimentarias	27011718	CPR Belarmino Fernández Iglesias	1.000 €
2458000363	Sierra Varela, Diego	Informática e comunicacións	36011853	CPR Daniel Castelao	1.000 €
2455000150	Pereira Souto, Ricardo	Instalación e mantemento	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	1.000 €
2470000223	Casteleiro García, Macarena	Madeira, moble e cortiza	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	1.000 €
2492000022	Posada Iglesias, Diego José	Marítimo-pesqueira	36011804	Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico	1.000 €
2496000245	Pérez Seco, Ana	Química	27006531	IES Lucus Augusti	1.000 €
2459000122	Seijas Baña, Iria	Sanidade	15032364	CPR Fesán	1.000 €
2497000046	González González, Marta	Seguridade e ambiente	36007552	CIFP A Granxa	1.000 €
2478000164	Villamar Piñeiro, Amanda	Servizos socioculturais e á comunidade	15032005	CPR Castelao	1.000 €
2404000254	Abella Arias, José Luis	Téxtil, confección e pel	15027897	CIFP Paseo das Pontes	1.000 €
2408000272	Portos Pampín, Diego	Transporte e mantemento de vehículos	15022620	IES de Curtis	1.000 €

